

2

Coidamos a alimentación



Escoitar



pista 2

1 Escoita a gravación e escribe V se é verdadeiro ou F se é falso.

- A cliente merca catro pezas de froita. ▶
- A froita que quere mercar a cliente cultívase en Galicia. ▶
- O vendedor vende esta froita desde hai pouco tempo. ▶

2 Di cal destas froitas corresponde á descrición que fai a cliente.

Se che cómpre, volve escoitar a audición.



kiwano



pitahaya



nangostán



pomelo



Falar


3 Describe unha das froitas anteriores ou outra que che guste para que os compañeiros a adiviñen.

- Primeiro, explica como é por fóra (cor, grosor da pel, medida...).
- Despois, di como é por dentro (cor, se está ou non dividida e como, se ten sementes...).



Ler

Hai unha chea de mazás nunha árbore e de súpeto unha cae. Todas as de arriba empezan a rirse e a mofarse da que caeu e esta responde:
–De que vos rides, inmaduras!



- 4 Le o texto e explica o dobre significado da palabra *inmaduras*.
- 5 Le o chiste en voz alta acompañándoo dos xestos e das entoacións adecuadas.



Escribir

- 6 Engádelle ao seguinte texto unhas liñas que sirvan de conclusión.

Os legumes, as froitas e as verduras son alimentos que achegan grandes beneficios ao organismo e que, por tanto, axudan a mantelo san.
A dieta mediterránea baséase no consumo de verduras, legumes, froitas, peixe e aceite de oliva como graxa esencial.



SABER FACER




TAREFA FINAL

A explicación oral dunha receita

- Viches algunha vez na televisión un programa de cociña? En que consistía?
- Que información necesitas para poder cociñar un prato?
- Que palabras ou expresións serven para indicar a orde en que hai que seguir os pasos dunha receita?

Ao final desta unidade demostrarás que SABES FACER a explicación oral da receita dun prato sinxelo. Antes, vas ler un conto sobre a introdución das patacas na alimentación, traballar vocabulario sobre os alimentos e aprender máis cousas sobre o funcionamento do galego.



As castañas da terra

SABER MÁIS

Xeralmente, no inicio dos relatos, os personaxes enfróntanse a unha situación complicada que deben intentar superar. Esa situación inicial que desencadea toda a acción posterior denomínase **conflito**. Os conflitos poden ser moi variados: a necesidade de atopar algo, de enfrontarse a un personaxe malvado, de buscarlle solución a un problema...

A pataca, un dos alimentos máis comúns na nosa dieta, non sempre se cultivou nos países europeos. En Galicia, antes de coñecela, usábanse as castañas para acompañar a carne e para facer o caldo. De feito, un dos nomes que a pataca recibiu inicialmente foi o de *castaña da terra*. Co tempo, este alimento converteríase nunha parte fundamental da nosa alimentación; pero afacerse a ela non foi un proceso doado. En Francia, por exemplo, o boticario Antoine Parmentier tivo que valerse dunha **argucia** para conseguir que as patacas fosen aceptadas...

Corría o século XVIII, e había xa máis de douscentos anos que os descubridores españois trouxeran as patacas a Europa desde o continente americano. En moitos países estendérase o seu cultivo. Pero... por que en Francia non ocorría o mesmo? Por que a xente dese país rexeitaba de tal maneira os **tubérculos**? O seu estraño aspecto externo e a súa cor apardazada provocábanlle verdadeira repugnancia, mesmo antes de probalos.

Parmentier, que era un grande estudoso das plantas, coñecía o valor nutritivo do novo alimento. Sabía que con el se poderían aca-

bar as grandes fames que sufría Europa cada vez que se perdían as colleitas de trigo. Con todo, non atopaba o xeito de convencer os seus compatriotas.

Un día, Parmentier tivo unha idea que pensou que podería dar resultado. Pero para levala a cabo precisaba a colaboración do rei. Logo de solicitar audiencia, foi recibido polo monarca, que coñecía e admiraba o célebre boticario.

–Que desexas con tanta urxencia, amigo?

–Maxestade, precisaba que me cedese unhas terras próximas a París para cultivar patacas. Tamén precisaría que me acompañasen algúns soldados porque...

O rei escoitou con atención a Parmentier. Cando o boticario acabou de comunicarlle o seu plan, o soberano botouse a rir. Vaia ocorrencia! Pero, sen dúbida, parecía unha excelente idea, así que decidiu concederlle o que pedía.

Uns meses máis tarde, as terras que solicitara Parmentier, **custodiadas** polos soldados, estaban xa cheínas de preciosas flores brancas e convertéranse no centro de todas as miradas. Ata o mesmísimo Luís XVI, acompañado pola súa esposa María Antonieta, visitou a plantación, o que espertou a curiosidade das xentes do lugar.

–E logo, que botaron aí? –preguntaban os máis atrevidos.

E os soldados, seguindo as instrucións de *monsieur* Parmentier, respondían con misterio, en ton de **confidencia**:

–Un produto sen igual, exquisito e único.

A noticia espallouse con rapidez por toda a contorna e, cando chegou o momento da colleita, a expectación era máxima.

Os veciños da zona observaban, situados a certa distancia, como ían apañando os tubérculos para amorealos no campo. Ninguén se atrevía a achegarse moito, porque os soldados do rei vixiaban as leiras.

Pero Parmentier calculáralo todo á perfección e dera instrucións precisas: polas noites, os soldados abandonaban os campos e deixaban alí as patacas. Cando as xentes do lugar comprobaban que os cabalos se afastaran, saían das casas e, ás escuras, entraban na plantación. Unha vez alí, desexosos de probar o novo manjar, enchían os cestos de patacas e regresaban con rapidez ás vivendas. Deste xeito, noite tras noite, a prezada colleita ía mingando. Claro que... precisamente iso era o que desexaba o **aleuto** Parmentier!

Grazas ao enxeñoso boticario e á súa estratexia, as patacas convertéronse nun cobizado alimento entre os franceses.

E, mentres iso ocorría en Francia, o cultivo do tubérculo estendeuse tamén por Galicia, onde aquel alimento estraño e descoñecido foi asentándose pouco a pouco, ata chegar a converterse nun dos piares da nosa alimentación.

argucia: recurso hábil para enganar a alguén.

tubérculos: partes subterráneas do talo dalgunhas plantas, avultadas e con substancias nutritivas.

custodiadas: gardadas, vixiadas.

confidencia: revelación que se fai de forma secreta.

aleuto: espelido, intelixente.

FICHEIRO ORTOGRÁFICO

Escrebe unha oración con cada unha destas palabras da lectura.

repugnancia

produto

expectación

Competencia lectora

Melloro a lectura

1 Le o texto seguindo estas indicacións.

- Realiza unha breve pausa cando atopas unha coma e marca cunha pausa máis longa o final de cada oración.
- Utiliza un ton de voz distinto para ler as intervencións dos personaxes.

Comprendo o texto

2 Responde.

- Por que rexeitaban os franceses as patacas?
- Quen era Parmentier e a que se dedicaba?
- Por que consideraba importante estender o consumo da pataca entre os seus compatriotas?

3 Responde as preguntas para completar o esquema sobre a historia de Parmentier.

- A que problema se enfrontaba Parmentier? Que quería conseguir?
- Que accións levou a cabo para alcanzar o seu obxectivo? Con que axuda contou?
- Como se resolveu finalmente a historia? Deu resultado o seu plan?

Presentación
(situación
inicial)



Nó
(acción)



Desenlace
(remate
da historia)

4 Indica quen son estes personaxes e por que era importante a súa presenza nas leiras.



5 Explica o que sucede nesta escena e a que momento do relato corresponde.



Traballo expresións do texto

6 Explica coas túas palabras o significado dos fragmentos destacados.

- As terras convertéronse no *centro de todas as miradas*.
- As patacas son hoxe *piases da nosa alimentación*.

Explico e interpreto

7 Sinala que personaxes desta historia foron reais e cales son inventados.

8 Define o carácter de Parmentier.

9 Explica que fixo que os franceses pasasen de ver a pataca como algo repugnante a desexar consumila.

10 Expressa a túa opinión.

- Cres que o plan de Parmentier era enxeñoso?
- Consideras razoable o feito de rexeitar algo antes de coñecelo? Por que?

Aprendo a facer comentarios

11 Redacta un parágrafo en que expliques cal é o significado do título da lectura.



Eu tamén escribo

12 Imaxina e escribe o diálogo que mantiveron o rei e Parmentier no palacio real. Despois, representa a escena cun compañeiro.



1 Di que tipo de alimento mercou cada un e pon un exemplo.

- Tipos de alimentos**
- precociñado
 - fresco
 - conxelado
 - refrixerado



A Teño que comelo axiña, se non, vaise derramar.

C Cando chegue á casa só teño que quentalo e comelo.



B Teño que procurar conservalo por debaixo de cero graos.

D Teño que metelo deseñada na neveira.



2 Explica en que se diferencian un brik dunha caixa e unha malla dunha bolsa.

3 Escribe o nome dun alimento para cada calidade.

- doce ▶
- saudable ▶
- graxento ▶
- picante ▶

FORMACIÓN DE PALABRAS: A COMPOSICIÓN

Algunhas palabras formáronse a partir da unión de dous ou máis termos. Por exemplo, a palabra *escachanoces* está formada polo verbo *escachar* e o substantivo *noces*. Este procedemento de formación de palabras chámase **composición**.

4 Que son? Escribe palabras compostas. Despois, constrúe unha oración con cada unha.



5 Indica que palabras das seguintes están formadas por composición e cales por derivación.


- arañeira
- lavalouza
- debilidade
- antedito
- quitaneves
- agridoce



UTILIZA O DICCIONARIO

6 Busca estas palabras compostas no dicionario e di que clases de palabras as forman.

- antonte
- gardamontes
- abrelatas
- baloncesto
- Noiteboa
- xordomudo



Lembras o que é un demostrativo? Resolve a actividade proposta e compróbaos!

Copia os grupos que teñen algún demostrativo e arredéao.

- eses dados ■ aquela casa ■ o teu veciño
- dez avións ■ moitas bolsas ■ esa rapaza
- este barrio ■ estas flores ■ aqueles vasos

Os demostrativos

Algunhas palabras sinalan os seres ou os obxectos e indican a distancia que hai entre estes e a persoa que fala: *esta vaca, aqueles rapaces, ese triángulo...* Estas palabras son os **demostrativos**.

Formas dos demostrativos

Os demostrativos varían en xénero e en número e clasifícanse en tres grandes grupos segundo a distancia que indican.

	Singular			Plural	
	Masculino	Feminino	Neutro	Masculino	Feminino
PROXIMIDADE	este	esta	isto	estes	estas
DISTANCIA MEDIA	ese	esa	iso	eses	esas
AFASTAMENTO	aquel	aquela	aquilo	aqueles	aquelas

Funcións dos demostrativos

Os demostrativos poden realizar diversas funcións dentro do grupo nominal.

- Diante do substantivo desempeñan a función de **determinante**. Exemplo: *este rapaz*.
- Detrás do substantivo realizan a función de **complemento**. Exemplo: *o día aquel*.
- Se van no lugar do substantivo actúan como **pronomes** e, xa que logo, desempeñan a función de **núcleo**. Exemplo: *ese é meu pai*.

1 Responde.

- Que indican os demostrativos sobre o ser ou o obxecto que sinalan?
- Cando realizan os demostrativos a función de determinante? E a de complemento? Pon un exemplo de cada caso.

- 2 Localiza os demostrativos deste texto e clasifícaos segundo a distancia que expresan.

Un día moi laborioso

Hoxe comecei a traballar na froitaría da vila.

–Primeiro imos organizar a froita e a verdura das caixas estas –díxome o froiteiro–. Coloca esas laranxas no caixón aquel; aqueles plátanos, na caixa esa; e aqueles albaricoques, na cesta esta. E despois, ordena este estante e os expositores eses.

Canto traballo para ser o primeiro día!



PROXIMIDADE ►

DISTANCIA MEDIA ►

AFASTAMENTO ►

- 3 Indica que función realiza cada un dos demostrativos do texto anterior.

- 4 PARA PENSAR. Relaciona e responde. Quen di cada cousa? Como o soubeches?



Eu trouxen este xerro e ese peluche.

E eu eses libros e aquel cadro.

- 5 Completa as oracións co demostrativo que corresponda segundo o código. Fai as contraccións.

PROXIMIDADE
 DISTANCIA MEDIA
 AFASTAMENTO

- Pasaremos verán con rapaza na casa .
- Pon en revisteiro revistas e xornais.
- Quero zapatos, vestido e camisetas.
- Desde fiestra vense árbores e bidueiros.



ELABORA O TEU RESUMO

- Que son os demostrativos? — Os demostrativos son as palabras que os seres
Que indican? — ou os obxectos e indican que hai entre e .
- En que tres grupos se clasifican? — Os demostrativos clasifícanse en tres grandes grupos
segundo indiquen , distancia ou .
- Que funcións poden realizar? — Os demostrativos poden realizar a función de ,
de ou de dentro do grupo nominal.



Copia os grupos que teñen algún posesivo e arredéao.

- dez cores
- o voso amigo
- as tres árbores
- o meu bote
- vós os dous
- a súa chaqueta

Observa e responde. Que palabra levan diante os posesivos?

Os posesivos

Algunhas palabras expresan que un ser ou obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor: *a nosa casa, os seus compañeiros...* Estas palabras son os **posesivos**.

Formas dos posesivos

Os posesivos presentan diversas formas segundo indiquen que o ser ou o obxecto que sinalan pertence á **persoa** que fala (1.^a persoa), á que escoita (2.^a persoa) ou a outra que nin fala nin escoita (3.^a persoa), ou se pertence a un **posuidor** (*o meu coche*) ou a varios (*o noso coche*). Tamén varían en xénero e número para concordar co substantivo que acompañan.

		Singular		Plural	
		Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
UN POSUIDOR	1. ^a PERSOA	meu	miña	meus	miñas
	2. ^a PERSOA	teu	túa	teus	túas
	3. ^a PERSOA	seu	súa	seus	súas
VARIOS POSUIDORES	1. ^a PERSOA	noso	nosa	nosos	nosas
	2. ^a PERSOA	voso	vosa	vosos	vosas
	3. ^a PERSOA	seu	súa	seus	súas

Funcións dos posesivos

Os posesivos poden realizar diversas funcións dentro do grupo nominal.

- Diante do substantivo desempeñan a función de **determinantes**. Exemplo: *os meus libros*.
- Detrás do substantivo funcionan de **complemento**. Exemplo: *un tío seu*.
- Sós, no lugar do substantivo, actúan como **pronomes** e, polo tanto, desempeñan a función de **núcleo**. Exemplo: *O meu é o abrigo azul*.

1 Responde.

- Que expresan os posesivos? En función de que varían as súas formas?
- Que función desempeña o posesivo cando actúa como pronome? Pon algún exemplo.

2 Elixe e completa co posesivo axeitado en cada caso.

- María e mais eu deixamos as mochilas no armario. ▶ nosas / vosos
- Onte pasei a tarde cos curmáns. ▶ súas / teus
- Todos estes zapatos son da irmá. ▶ miña / noso

3 Localiza os posesivos do texto e analízalos coma no cadro proposto.

Unha inauguración moi animada

Os meus irmáns e mais eu visitamos onte a nosa curmá Andrea, que é pintora. Lébrala? É amiga do teu irmán e o verán pasado foi un día ao voso apartamento da praia. Mañá vai expoñer algúns cadros no local dunha amiga súa. E Breixo, Minia e os seus amigos músicos van tocar na inauguración. Vas vir?



	Clase de palabra	Persoa	Posuidor	Xénero	Número	
Exemplo ▶	<i>meus</i>	<i>posesivo</i>	<i>primeira</i>	<i>un</i>	<i>masculino</i>	<i>plural</i>

4 Arrodea os posesivos das seguintes oracións e di que función desempeñan.

- Comeron os vosos bocadillos.
- As zapatillas azuis son as súas.
- Tedes que vir á nosa exposición.
- Hoxe coñecín un amigo teu.
- Se teño que escoller un debuxo, quedo co seu.
- Marta é veciña miña do barrio.



ELABORA O TEU RESUMO

- Que son os posesivos? — Os posesivos son as palabras que expresan que un ser ou un obxecto a alguén a quen chamamos .
- Que indican os posesivos? — Os posesivos indican a gramatical (primeira, ou) a que pertence o ser ou obxecto sinalado e se hai un ou varios .
- Que funcións poden desempeñar? — Os posesivos poden realizar a función de , de ou de dentro do grupo nominal.


Cando hai que acentuar graficamente as palabras? Lembra e resolve a actividade!




Relaciona con números. Por que levan acento gráfico?

- 1 inmóbil Porque é aguda e acaba en vogal.
- 2 práctica Porque é grave e acaba en consoante distinta de *n* ou *s*.
- 3 mañá Porque é esdrúxula.

Ditongo



Hiato



Ditongo

uí

suite

iu

partiu

Hiato

uí

ruído

iú

miúdo

Lembra os principios de acentuación:

- As **palabras agudas** teñen tónica a última sílaba. Levan acento gráfico cando son polisílabas e acaban en vogal, en vogal + *s*, en vogal + *n* ou en vogal + *ns*. Exemplos: *café, campás, limóns*. Non levan acento gráfico se acaban en ditongo decrecente (*ai, ei, au, eu, iu...* seguido ou non de *-n* ou *-s*) e noutra consoante distinta de *n* e *s*. Exemplos: *comeu, adeus, rapaz, labor*.
- As **palabras graves** teñen tónica a penúltima sílaba. Levan acento gráfico cando acaban en consoante distinta de *-n* ou *-s*, en grupos consonánticos distintos de *-ns*, e tamén en ditongo decrecente seguido ou non de *n* ou *s*. Exemplos: *réptil, cámping, amábeis*.
- As **palabras esdrúxulas** teñen tónica a antepenúltima sílaba. Acentúanse graficamente sempre. Exemplo: *práctica*.

Os **ditongos** e os **hiatos** seguen estas regras xerais de acentuación. Exemplos: *náutico, acción, volveu, aéreo*; agás os hiatos con vogal tónica pechada e átona aberta, que levan o acento gráfico sobre a vogal pechada. Exemplos: *caída, saúde*.

1 Escribe con acento gráfico as palabras agudas que o necesiten.

- traducion
- menu
- español
- feixons
- aqui
- chines
- arroz
- capitais

2 Completa con palabras da actividade anterior seguindo o código.

Palabra aguda con acento Palabra aguda sen acento

BAR PAZOS

do día
 con
 e cabaza

VIAXES VAI

Coñece as europeas.
 Infórmate !

MUNDO IDIOMAS

de textos
 diversos do
 ao

3 Escribe tres exemplos de palabras graves que acaben en consoante.

- 4 Pon os oito acentos gráficos que faltan neste texto e xustifícaos.

Un prato novo

Maña irei a ese restaurante que me recomendou Xoan. El ceou ali o mercores pasado. Creo que probarei o salmon ao romeu con salsa de citricos: a especialidade da casa. Ti probachelo? Seica esta delicioso!



- 5 Acentúa graficamente as palabras que o precisen e explica por que levan ou non acento gráfico.



lua



bacallau



cereixas



esquío



axouxere



cirurxian

- 6 **PARA PENSAR.** Quítalles o acento gráfico a estas palabras, reflexiona e responde. Por que cómpre acentuar ben graficamente?

- lúcido ■ revólver ■ ananás ■ saía ■ país

- 7 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fíxate nas palabras que levan acento gráfico.

Un menú para chuchar os dedos

Rubén, o curmán de Fátima, acaba de chegar de París de facer un curso de cociña. Onte convidounos a César e a min a cear. Así poñía en práctica todo o que aprendera. Sabedes cal foi o menú? De primeiro, sopa fría de melón con xamón; de segundo, paté de ganso; e de sobremesa, pastel de plátano. Se nos vísedes... Non deixamos nada no prato! Estaba todo para chuchar os dedos...



APRENDO A ESCRIBIR MELLOR

ORTOGRAFÍA VISUAL

chofer

heroe

radar

téxtil

parasito

gladiolo

- 8 **Completa coa palabra que corresponda.**

Utiliza o dicionario, se che cómpre.

- Os pasaxeiros non deben molestar o do autobús.
- O da estrada detectou un exceso de velocidade.
- Os piollos son moi molestos.

- 9 **Escribe unha oración con cada unha das palabras que non empregaches.**



A explicación oral dunha receita

A continuación voste converter no rei ou na raíña da cociña e vas explicar oralmente como se elabora a túa pizza favorita. As actividades que che propoñemos a continuación vanche axudar a preparar a túa exposición para que poidas demostrar, ao final, que es capaz de facelo moi ben.

Prepara o teu traballo

- 1 Copia a lista correcta. Cales son os tres ingredientes básicos que leva calquera pizza?

INGREDIENTES

- leituga
- masa de pizza
- tomate natural

INGREDIENTES

- masa de pizza
- salsa de tomate
- queixo

- 2 Engádelle á lista anterior polo menos tres ingredientes que che gustaría que levase a túa pizza.



- 3 Ordena os pasos de elaboración da pizza. Como se fai?

A



B



C



D



- 4 Explica por escrito que se fai en cada un dos pasos anteriores.

- 5 Pensa e responde.

- Que utensilios vas necesitar para facer a túa pizza?
- Para que vas usar cada obxecto?

→ **Elabora o teu gui3n**

6 Inventa un nome para a t3a pizza e completa unha ficha coma a seguinte a partir das respostas anteriores.

NOME DA PIZZA:

INGREDIENTES:

UTENSILIOS NECESARIOS:

ELABORACI3N: 1.

 2.

 3.

 4.

7 Redacta o gui3n da receita seguindo estas indicaci3ns.

- Primeiro, presenta o prato que vas explicar: di o seu nome e destaca algunhas calidades del (que sabor ten, se 3 ou non saudable, se 3 f3cil ou dif3cil de coci3nar...). Para facelo, podes usar as palabras do vocabulario da unidade.
- Despois, di os ingredientes e os utensilios que vas precisar para elaboralo. No caso dos ingredientes, intenta especificar cantidades (*un bote pequeno de tomate, unha lata de bonito...*).
- A continuaci3n explica paso a paso o que hai que facer, con palabras e expresi3ns que indiquen orde (*primeiro, despois, finalmente...*).
- Para acabar, pensa unha oraci3n que sirva de peche.



8 USA AS TIC. Grava en v3deo a elaboraci3n da pizza ou fai unha presentaci3n con diapositivas da receita paso a paso para acompañar a t3a exposici3n.

→ **Demostra que o sabes facer**

9 Expl3calles aos compa3eiros e compa3eiras a t3a receita seguindo o gui3n elaborado anteriormente acompañado do v3deo ou das diapositivas.

Vix3a que as imaxes do v3deo ou da presentaci3n se correspondan co que est3s explicando en cada momento.



10 TRABALLO COOPERATIVO. P3delles aos compa3eiros e compa3eiras que valoren a t3a intervenci3n e comentade entre todos que aspectos se poder3an mellorar e como.




ACTIVIDADES FINAIS

1 RESUMO. Copia e completa o resumo destes contidos da unidade.


- A composición consiste en formar palabras novas _____ dúas ou máis palabras.
- As palabras _____ teñen tónica a última sílaba e acentúanse graficamente cando acaban en _____. As palabras graves teñen tónica _____ e acentúanse graficamente cando acaban en _____. As palabras _____ teñen tónica _____ e acentúanse graficamente _____.

2 ESQUEMA. Copia e completa o seguinte esquema.



3 Localiza no cartel catro palabras compostas. Despois, explica por que clase de palabras está formada cada unha seguindo o modelo do exemplo.

Exemplo ► *benquerido* → *ben* + *querido*
adverbio + participio



4 Subliña os demostrativos e arrodea os posesivos que hai nas seguintes oracións. Despois, analiza cada un indicando o tipo e a función que desempeña.

- A túa camisa non é esta.
- Uns tíos meus viven na rúa aquela.
- Aquel can é o voso?

5 Sinala que palabra sobra en cada grupo e en cal debería estar.

PALABRAS AGUDAS ► xersei baúl candea cempés festival

PALABRAS GRAVES ► cadeira saúdo árbore axenda chándal

PALABRAS ESDRÚXULAS ► aéreo chícharo páxina atmosfera sílaba

REPASO ACUMULATIVO


1 Clasifica as seguintes palabras segundo como se formasen.

- cegador
- precociñado
- reconquista
- entreacto
- artista
- bretemoso
- laranxeira
- suburbano

POR PREFIXACIÓN ►

POR SUFIXACIÓN ►

2 Relaciona cada título coa estrutura de grupo nominal que presenta.



- Det. + N. + Compl.
- Det. + Det. + N. + Compl.
- Det. + Compl. + N.
- Det. + N. + Compl. + Compl.

3 Escribe.

- O nome do teu mellor amigo ou amiga. ►
- O nome dun lugar a onde che gustaría ir. ►
- Un nome para unha mascota. ►



4 DITADO ACUMULATIVO. Prepara o ditado para facelo no caderno.

Unha oferta irresistible

A urbanización «Cantarela» abriu un supermercado novo. Chámase «Práctico» e ten unhas ofertas fantásticas. Onte, o tío Néstor e mais eu fomos comprar un quilo de plátanos, un paquete de arroz, outro de café e tres botes de especias. Sabedes canto pagamos por todo? Seis euros con cincuenta céntimos! Baratísimo!

- As normas de acentuación.
- As maiúsculas.



AUTOAVALIACIÓN

Elix a opción correcta e puntúate. Cada resposta correcta vale 2 puntos.

- | | | |
|---|-----------------|--------------------------|
| 1 A palabra <i>peixeiro</i> formouse por... | a) derivación. | b) composición. |
| 2 O demostrativo <i>aquel</i> indica... | a) afastamento. | b) distancia media. |
| 3 A palabra <i>avestruz</i> é... | a) aguda. | b) grave. |
| 4 Os posesivos fan de determinantes... | a) sempre. | b) diante do substantivo |
| 5 A palabra <i>noso</i> é un... | a) posesivo. | b) demostrativo. |

